

Capítulo 1

Sara

Cando as historias non se contan na orde correcta córrese o risco de confundir a quen as le. Principio, nó e desenlace, iso repetiamos coma papagaios no colexio. A iso vou, entón. Ao principio. Son Sara Porto, nacín en Perlío (Fene) e estudo Psicoloxía na USC, mais, como imaxinarán, eu non vin aquí a falar de min, senón de Laura Mariño e dos desgraciados incidentes que para nós comezaron con dúas mortes en novembro do 2012. Os xornais falaron deles durante semanas e mesmo lles dedicaron algún titular de portada, até que outras novas viñeron a sepultalos en páxinas interiores e, xa por fin, desapareceron do mundo informativo e da mente da xente común.

Laura. Laura Mariño. Ela merece máis que ninguén que eu lles relate esta historia, abofé que si. Que quen é? É normal que non o saiban, ningunha das dúas fomos nomeadas nos medios de comunicación naqueles momentos. Como moito algún diario, imaxino que procurando o morbo, falou de «dúas rapazas» implicadas na investigación. Dúas rapazas! Como se quedan se lles digo que todo se resolveu grazas a Laura e á miña inestimábel colaboración?

Que efémera é a fama, non si? Xa que ninguén informou axeitadamente da nosa decisiva intervención no caso voulles relatar eu mesma os feitos, co permiso explícito de Laura, tal e como os lembro. O estilo literario é menos importante aquí que a narración en si mesma e non pretendo gañar recoñecemento público algún con ela, senón levalos polos camiños que antes transitamos tan dificultosamente a miña amiga e máis eu. Tan misteriosos e, nalgunha ocasión, tan perigosos. Así entenderán o que ocorreu aquel inverno, máis gris que calquera outro que eu teña vivido endexamais.

Capítulo 2

Encontro na Condesa

Psicoloxía.

Ciencia que estuda a conduta humana.

Coma unha broma cruel, aquel día de mediados de xullo o sol proxectábase con forza sobre as cabezas do estudantado que comezaba a chegar ao COIE do Campus Vida, anteriormente coñecido como Campus Sur, en Santiago de Compostela. Tras un inicio de verán pasado por auga, que botara abaixo varios dos meus plans para as vacacións, o bo tempo parecía vir xusto no momento máis inoportuno. Dirixíame a matricularme no primeiro curso do Grao en Psicoloxía, e, malia todo, ía contenta, xa que elixira facer esa carreira tempo atrás. En realidade, podía inscribirme tranquilamente desde a miña casa, a través da páxina web da propia USC, pero meu pretecnolóxico pai insistira en acompañarme a facelo en persoa para evitarmos problemas. Así, dicía miña nai, aproveitaríamos para dar unha volta polo que, un par de semanas despois, sería xa o meu novo mundo. Non era un mal plan, tampouco.

Papeis, papeis, papeis... maldita burocracia. É que non saben pedir outra cousa? De todos os xeitos, estaba a pasarmo ben ao ver a miña familia intentando axudarme.

—Sara, vou cubrindo eu isto e así aforramos tempo? —preguntaba meu pai, poñéndose as gafas, coma se fose facer a declaración da renda.

—Vale —respondía eu, non demasiado convencida do tempo que iamos aforrar.

Despois de pelexar con todas as súas dúbidas e as miñas propias, conseguín matricularme. Nestas cousas administrativas, a primeira vez que as fas, sempre che parece que está escrito en chinés. E ti, mala sorte, querida amiga, non falas o chinés. É o que ten que sexa a primeira vez, claro. Como dixo o meu querido proxenitor, agora só me restaba aprobar toda a carreira e listo. Misión cumprida. En fin.

Entre unhas cousas e outras deunos a hora de comer, así que nos diriximos á que ía ser a miña casa: a residencia Monte da Condesa, onde me concederan unha praza para o presente curso. Era un dos colexios maiores públicos da Universidade de Santiago e, se cadra, o máis famoso. Levaba en funcionamento case trinta anos (lera na súa web que o inauguraran no 1989/1990) e nel tiñan cabida case medio millar de estudantes, que se repartían os cuartos simples e dobres da residencia. Un destes últimos ía ser o meu.

Para chegarmos até alí cruzamos todo o campus (Monte da Condesa atopábase tamén, non o dixeran, no Campus Vida), pasando primeiro pola Facultade de Psicoloxía, para vermos onde estaba, non fose a ser que me perdese. Cousas de meu pai. Xa que estabamos alí aproveitamos para pescudar un pouco e, así, entramos pola porta principal, que dá acceso á conserxaría, ao decanato e aos despachos do profesorado. Como non había moito que ver e xa tiñamos ben localizada a facultade decidimos proseguir o noso camiño cara á residencia de estudantes mais, ao non sabermos ben por onde tirar, ocorrúseme preguntarlle a un bedel. Un tipo curioso e feo coma un croio. Era xa maior, calcúlolle eu uns cincuenta e pico ou case sesenta anos, co pelo alborotado e uns ollos saltóns que parecían pelexar por saíren das súas cuncas. Daba a impresión de levar toda

a vida alí ou ben de que o acabasen de trasladar desde a sección de momias exipcias do British Museum. Estaba a ler algo na pantalla do computador completamente ensimesmado e sobresaltouse cando me dirixín a el. Parecía alterado. Miroume de arriba a abaixo e tardou tanto en responder que dubidei de que me ouvise, pero por fin, con cara de repugnancia e cansazo infinito, indicounos o camiño até a residencia. *Perdoe vostede, non queríamos importunalo, Sir. Déalle recordos á raíña de Inglaterra da miña parte. Ou a Ramsés II.*

Entramos por unha porta de Monte da Condesa que conducía directamente á cafetería da residencia e fomos dar a un amplo comedor, cheo de grandes mesas. Cada unha delas estaba unida a outra do mesmo tamaño, así que facilmente entraban unhas oito ou nove persoas en cada un dos espazos habilitados para comer. Sempre que un está fóra do seu territorio cómpre facer un pequeno proceso de adaptación, e ao non termos nin idea de como se pedía a comida nese sitio, os tres quedámonos mirando para a xente que pasaba, coma se estivésemos vendo un documental. Miña nai, porén, decidiu tomar a iniciativa e preguntoulle a unha alumna directamente que era o que tiñamos que facer. Despois de que a rapaza a informase amabelmente, soubemos que había que sacar un tícket dunhas máquinas expendedoras que estaban dispersas polo salón e ir con ese billete a que nos servisen as camareiras na zona do bufete. Podíamos elixir entre coller un menú completo ou medio menú pero, dada a fame *neghra* que traíamos despois de pelexar coa miña matrícula no COIE, non tivemos que cavilalo moito. Sen máis, collemos unha bandexa cada un, os nosos respectivos cubertos, o pano de mesa e o pan.

—Podedes coller primeiro e segundo prato, ademais de sobremesa —díxonos a camareira, ao vernos tan claramente perdidos.

—Ah, ben —contestou meu pai—. Entón eu collerei canelóns e carne asada.

—Eu o mesmo —confirmou miña nai—. E ti, Sara?

—Eu collerei paella de primeiro e salmón de segundo.

—Xa ves, igualiño que nós. Oes ti, de verdade non nos cambiaron a nosa filla ao nacer e levamos outra?

Rimos todas coa ocorrencia, até a camareira.

Rematada a comida fomos visitar a conserxaría da residencia, xa que eu devecía por coñecer o meu novo cuarto. O conserxe era un tipo afábel que lía tranquilamente o Marca, estricado na súa cadeira, e cuxa postura corporal nos indicaba que nada do que fixeramos o podería perturbar o máis mínimo. Nin o comezo dunha guerra nuclear parecía ser máis importante que os resultados da liga de fútbol. Cando nos achegamos, mirounos distraidamente. Logo, espreguizouse sen pudor algún e agardou a miña pregunta.

—Boas, son Sara Porto. Teño praza nesta residencia e gustaríame coñecer o meu cuarto, se é posíbel.

—Claro. Sara Porto? Agarda un intre —dixo mentres tecleaba rapidamente no seu computador—. Si, tes asignado o cuarto 010. Sabes que é un dormitorio dobre, non si?

—Seino, si.

—Moi ben. Anda hoxe moita xente visitando as instalacións, aproveitando que están a matricularse, así que igual coñeces a túa compañeira e todo. Velaquí tes a túa chave. Agardo que esteas cómoda entre nós —concluíu sorrindo o conserxe, que dixo chamarse Filipe. O seu apelido coído que non o coñecín nunca.

Diriximos os nosos pasos entón cara ao cuarto 010, que estaba, ademais, no mesmo andar que a propia conserxaría. Non me podía queixar de ter que andar moito, non, xa que nin tres minutos me levaba chegar desde a porta principal até o dormitorio. A decoración da residencia era bastante espartana, mais aínda así eu observaba con avidez todo cando me atopaba ao meu paso. Por iso demos unha rápida ollada á biblioteca, á sala de informática, á sala de estudo,

aos despachos da dirección do centro e mesmo á chamada Sala da Columna, onde os residentes organizaban festas e concertos. O curioso nome viña dado, evidentemente, porque había unha columna no medio e medio da sala.

Meu pai e miña nai borboriñaban entre eles, falando das distintas dependencias que nos iamos atopando polo camiño, mentres eu barreñaba quen sería a miña compañeira de cuarto este curso. O que tiña claro era que non quería que fose ninguén de Fene. Eu entendía a miña estadía na universidade coma o comezo dunha nova etapa e compartir dormitorio cunha persoa da miña vila non era, certamente, a mellor forma de comezar desde cero. E se cadraba con algunha coñecida coa que me levaba a matar? Mentres andabamos pregaba para que non me tocase ningún ser estraño. Estraño, dixen! Non tiña nin a máis remota idea de que, detrás do cuarto 010 de Monte da Condese, atoparía a rapaza máis estraña que coñecera nunca, pero non nun sentido pexorativo senón no sentido literal do termo. Rara, debería dicir. Diferente.

Chegamos. Abrín a porta. Dentro, unha figura axeonllada miraba fixamente un dos mobles, como intentando entender a súa finalidade última. Tiña un aire vagamente familiar que me lembraba a alguén. A quen? Ao vernos, aquel vulto ergueuse, sorriu como se xa me agardase e dixo:

—Home, ola, Sara! Canto tempo!

—Laura?

Fiquei abraiada. Laura Mariño! Era a persoa que menos imaxinaba atopar alí. Ela seguía a sorrir, sen moverse do lado do moble que estivera a mirar había un intre, agardando que eu comezase a falar.

—Que casualidade, non? Imos compartir cuarto polo que parece —dixen, aínda que me abstiven de engadir que non sabía se era unha coincidencia boa ou mala.

—Si que é unha casualidade, si! —repetiu rindo— aínda que algo me ulía, sabes? Cando o conserxe procurou o meu nome no

computador leu en voz alta tamén o teu. Pensei: a que sería incríbel que fose a mesma Sara Porto? Así que estaba desexando que chegase a miña compañeira para descubri-lo. E *voilà* –riu e fixo un xesto bastante cómico coas mans, como dando a entender o sorprendente que era a vida en xeral.

—Xa comprendo. Pois si, que cousas, a verdade. A min Filipe nada me dixo.

Recoñezo que, ao principio, non me fixera moita ilusión a coincidencia mais, en realidade, mellor comezar a miña andaina universitaria unindo forzas cunha coñecida que soa, non? Aínda que fose Laura.

—E que vés estudar? Eu, psicoloxía! –dixo. Polo visto seguía a ter a teima de non deixar tempo ao outro a contestar as preguntas que ela mesma facía.

—Psic... psicoloxía? Hostia, eu tamén!

—Si? Iso si que non o sabía! Outra casualidade máis! Non vaias crer que son unha acosadora ou algo así, ha, ha. Vai ser interesante compartir cuarto contigo.

—Non o dubido –dixen sen moito convencemento e, de feito, dubidándoo un pouco.

Sorrín para os meus adentros pensando no irónico que era todo. Uns minutos antes pasara pola miña mente a posibilidade de atoparme cunha coñecida e iso mesmo acababa de suceder. E non era calquera coñecida, abofé que non.

O certo é que con Laura preto, pola miña propia experiencia sabía que pasaban cousas fóra do normal, porque era unha rapaza fóra do normal. Sempre acontecía así. Porén, non tiña nin a máis remota idea naquel momento do certa que resultaría ser axiña esa frase.